O dimensionamento adecuado das fosas e a súa cubrición permitiríano-lo abonado cando o precisan os cultivos, no momento óptimo e non cando a fosa está chea,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

podendo así axusta-lo balance de nutrientes. Claro que isto reduciría o consumo de abonos de síntese e aí asoma o lobo as orellas...

O enterrado do xurro inmediatamente logo da súa aplicación, a formación de costra nas fosas... Son outras das prácticas agrícolas a fomentar antes de punir e obrigar a facer inversións millonarias e reformas drásticas que levarían ó endebedamento insostible dunha alta porcentaxe das explotacións de vacún galegas.

Se na elaboración do borrador houbo contactos coas CCAA desde este grupo parlamentario temos curiosidade polos informes presentados pola representación galega e as puntualizacións feitas diante o descoñecemento da realidade da ganadería galega amosada polo equipo socialista do goberno do estado que repite o mesmo descoñecemento amosado pola anterior ministra, esa vez do PP, sra. Tejerina.

Cremos que debemos asumir dunha vez o liderazgo dos sectores do leite e da carne de vacún (55% do estado) e actuar en consecuencia desde as nosas institucións.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-- Que alegacións, se é que as houbo, presentou o goberno galego ó Proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios, e de non haberlas que negociacións houbo entre o Ministerio e a Consellería de M. Rural ó respecto deste proxecto nas que se fixesen vale-las necesidades dos sectores afectados e os prexuízos que lles podería causar?

--Que datos se utilizaron, e de que procedencia na defensa dos intereses do sector gandeiro de Galicia ?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

--Foron contestadas as alegacións presentadas pola Xunta ó MITECO no ano 2019, ó borrador do Programa Nacional de Control de la Contaminación Atmosférica (PNCCA) onde se obrigaba ó sector de vacún de leite a reducir as emisións nun 45%, e no seu caso, por que non foron tidas en conta?

--Como afectará este decreto na condicionalidade para o cobro da PAC e a que tipo de penalizacións se enfrontarán os gandeirxs galegxs por espaxe-lo xurro co plato?

--Cantas explotacións galegas contan neste momento cos apeiros de baixa emisión de amoníaco, cantas non o teñen e cal é o desembolso económico que terán que facer os gandeiros galegos para cumprir este decreto?

--Ten pensadas o goberno galego algunha estratexia de defensa dos sectores de leite e carne de vacún fronte a agresión que supón o futuro Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios tal e como se formula no seu borrador?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Maria González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/10/2020 14:08:34**

**María González Albert na data 14/10/2020 14:08:50**

**María del Carmen Aira Díaz na data 14/10/2020 14:09:02**



## A Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Rubén Lorenzo Gómez, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O pasado mes de setembro a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en cumprimento do compromiso adquirido coa veciñanza da zona, licitou a redacción do proxecto construtivo no que se definirán as actuacións precisas para reducir o risco de asolagamento en Xunqueira, no municipio de Viveiro.

No berce desta iniciativa, está o plan específico de xestión de riscos de inundación, impulsado pola Xunta, e no que se establecen varias actuacións susceptibles de ser executadas neste espazo. Este plan foi presentado ao Concello coas distintas alternativas identificadas e coa eficacia calculada para cada unha delas. O Concello elixiu as propostas que considerou oportunas, e solicitou á Xunta a súa colaboración na concreción das mesmas no proxecto construtivo que se vén de licitar.

Para o financiamento desta iniciativa, a Xunta asinou un convenio de colaboración co Concello de Viveiro e coa Deputación Provincial de Lugo. En virtude do mesmo Augas de Galicia asume a contratación dos traballos licitados, cofinanciando as tres administracións a partes iguais os recursos económicos necesarios para esta fin.

O Plan da Xunta, inclúe tamén recomendacións para a toma de medidas precisas por parte do Concello para protexer á poboación de Xunqueira ante episodios de enchentes. Entre elas, a aplicación de políticas urbanísticas que respecten as contornas fluviais do río, a redacción dun Plan de actuación municipal para as inundacións ou a promoción da contratación de seguros contra os danos por riadas.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que previsións manexa o Goberno galego en relación coa execución do proxecto técnico que se vén de licitar en relación as actuacións precisas para reducir o risco de asolagamento en Xunqueira, no municipio de Viveiro?
- 2.- En que consisten as actuacións previstas para reducir o risco de asolagamento en Xunqueira, no municipio de Viveiro?



Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 14/10/2020 14:04:51**

**María Elena Candia López na data 14/10/2020 14:05:07**

**Ramón Carballo Páez na data 14/10/2020 14:05:32**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**María Sol Díaz Mouteira na data 14/10/2020 14:05:54**

**Martín Fernández Prado na data 14/10/2020 14:06:10**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 14/10/2020 14:06:30**

**Daniel Vega Pérez na data 14/10/2020 14:06:40**

**Borja Verea Fraiz na data 14/10/2020 14:06:59**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Rubén Lorenzo Gómez, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, acometeu, nos últimos meses, cambios normativos encamiñados a fixar os criterios para a limpeza e conservación dos leitos fluviais e para facilitar a realización de actuacións menores de mantemento e conservación en lugares que estean afectados polo dominio público hidráulico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Trátase, concretamente, por un lado, da instrución 1/2019, do 7 de xaneiro, que recolle as directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario e que ten como obxectivo homoxeneizar e fixar os criterios no que atinxe á conservación e limpeza dos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

E, por outro lado, do Decreto 42/2020, de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas co obxectivo de facilitar a execución de obras menores de conservación e mantemento no ámbito de dominio público hidráulico.

Esta nova normativa, en aras de mellorar a xestión dos ríos en Galicia e facilitar as actuacións no seu contorno, determina as actuacións de conservación fluvial que se poden levar a cabo, onde e como facelas, ao tempo que clarifica as responsabilidades que ten cada administración a este respecto, ademais de simplificar a execución de actuacións en edificacións a carón dos leitos fluviais.

Transcorrido xa un tempo da súa entrada en vigor, dende o Grupo Parlamentario Popular entendemos que é tempo suficiente para poder valorar a súa incidencia e se a súa aplicación cumpriu as expectativas marcadas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Que valoración fai o Goberno galego da aplicación da nova normativa en materia de augas que rexe as actuacións de mantemento e conservación que se poden levar a cabo nos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa e que facilita as actuacións no seu contorno?

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López na data 14/10/2020 14:11:03**

**Ramón Carballo Páez na data 14/10/2020 14:11:23**

**María Sol Díaz Mouteira na data 14/10/2020 14:11:44**

**Martín Fernández Prado na data 14/10/2020 14:11:58**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 14/10/2020 14:12:19**

**Daniel Vega Pérez na data 14/10/2020 14:12:27**

**Borja Vereza Fraiz na data 14/10/2020 14:12:45**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## A Mesa do Parlamento

**Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No ano 2018, por primeira vez o Servizo Galego de Saúde, incorporou na súa última oferta de emprego público prazas na categoría profesional de celador reservadas para persoas con discapacidade intelectual, para as que xa se levaron a cabo os exames.

Este proceso selectivo súmase aos xa convocados e actualmente en tramitación das categorías de persoal de servizos xerais, técnico en coidados auxiliares de enfermería, e pinche da próxima convocatoria.

O seu obxectivo é facilitar a integración laboral das persoas con discapacidade intelectual e permitir o seu exercicio profesional coa incorporación ás distintas áreas das institucións sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia.

E importante subliñar que este é o primeiro proceso selectivo no Servizo Galego de Saúde no que se habilitou unha quenda de acceso diferenciado para as persoas con discapacidade intelectual, coas pertinentes adaptacións de temarios e tempo de realización das probas que permiten a concorrencia destes aspirantes en condicións de igualdade ao emprego público, facilitando así a súa integración laboral.

Estas accións son as que pensamos que son as necesarias e imprescindibles para darlle o impulso necesario a inclusión laboral destas persoas, e un exemplo máis da intención da Xunta de Galicia de traballar xunto a todos os axentes implicados no camiño da integración social.



Únense ademais ás medidas tomadas na administración xeral da Xunta, onde en abril de 2017 ano tivo lugar o primeiro concurso-oposición na historia da Xunta reservado exclusivamente para persoas con discapacidade intelectual, dando lugar á toma de posesión de 6 persoas ao ano seguinte.

Nese mesmo 2018, a Xunta convocou 24 novas prazas de emprego público nunha oposición reservada a persoas con discapacidade intelectual, que pasarían a ser funcionarios da Xunta e a traballar como persoal subalterno na Administración galega unha vez superados os exames realizados en decembro de 2019.

Estes procesos selectivos, tanto na administración xeral como no SERGAS, teñen como obxectivo facilitar a inserción e adaptación laboral deste colectivo na Administración autonómica, así como tamén apoiar a súa formación.

A inclusión é un aspecto vital a nivel social ,que non só enriquece o traballador, e á empresa, senón tamén a todos os seus traballadores.

Desde o Grupo Popular interesámonos sobre estas e outras medidas a futuro que permitan seguir avanzando na inclusión laboral total das persoas con algún tipo de discapacidade intelectual.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1- Como se desenvolveu o primeiro proceso de convocatoria de prazas para persoas con discapacidade intelectual na oferta pública de emprego do SERGAS?
- 2- Cales son as perspectivas de avances nos seguintes procesos de convocatoria de prazas públicas do SERGAS para este colectivo?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 14/10/2020 14:16:22**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 14/10/2020 14:16:44**

**José Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2020 14:16:51**

**Noelia Pérez López na data 14/10/2020 14:17:04**

**María Corina Porro Martínez na data 14/10/2020 14:17:22**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 14/10/2020 14:17:35**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/10/2020 14:17:51**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPGBzaO5ggWo5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento** e, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As oficinas de farmacia son definidas na Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade como establecementos sanitarios privados de interese público.

O artigo 1 da Lei 16/1997, do 25 de abril, de regulación de servizos das oficinas de farmacia di que corresponde ás comunidades autónomas establecer o procedemento específico para a autorización de novas oficinas de farmacia, de acordo os principios de publicidade, transparencia e seguridade xurídica.

E polo que na nosa Comunidade Autónoma se publica a Resolución de 2 de xullo de 2018 pola que se convoca concurso publico para a adxudicación de 41 novas oficinas de farmacia, e a resolución de 8 de xuño de 2020 as adxudica definitivamente.

Foi un proceso de case 2 anos cun traballo moi longo que se iniciou coa aprobación do mapa farmacéutico de Galicia (mediante o Decreto 127/2017, de 23 de novembro). Este é polo tanto o primeiro concurso que se fai co novo mapa.

Entre outros cambios que se fixeron para actualizar a lexislación, e adecuala a nova situación en Galicia, se promulgou o Decreto 66/2018, de 14 de xuño, que modifica a normativa anterior, que era do ano 2001, sobre a planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia .

Esta modificación era imprescindible para o novo concurso e sobre todo para modificar o baremo de méritos do mesmo, neste último se lle deu moita importancia a carreira profesional exercida no ámbito da farmacia comunitaria.



Como dicíamos un proceso longo con moitos recursos polo medio que a Consellería de Sanidade gañou, pero sobre todo, o que gañou foi o rural galego con esas 20 novas farmacias que garanten a cidadanía unha atención eficaz, eficiente e de calidade .

Vendo a importancia que ten este concurso e polo que os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en comisión:

Cal é a valoración que fai a Xunta da resolución do concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia que acaba de resolverse fai uns meses?.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020.

**Asinado  
dixitalm  
ente  
por:**

**Marta  
Rodríguez  
Vispo  
Rodríguez na  
data  
14/10/  
2020  
14:17:5  
4**

**María**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Encarna  
ción  
Amigo  
Díaz na  
data  
14/10/  
2020  
14:18:1  
8**

**María  
Corina  
Porro  
Martínez na  
data  
14/10/  
2020  
14:18:3  
2**

**Miguel  
Angel  
Tellado  
Filgueira na  
data  
14/10/  
2020  
14:18:4  
6**

**José  
Alberto  
Pazos  
Couñago na  
data  
14/10/  
2020  
14:19:1  
0**

**Noelia  
Pérez  
López  
na data**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**14/10/  
2020  
14:19:1  
9**

**María  
Elena  
Suárez  
Sarmie  
nto na  
data  
14/10/  
2020  
14:19:3  
4**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Diego Calvo Pouso, Borja Vereá Fraiz e Rubén Lorenzo Gómez** abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

O radon (radon-222) é un gas radioactivo natural que procede da cadea de desintegración do uranio-238 e é recoñecido pola Organización Mundial da Saúde como carcinóxeno humano.

A inhalación de radon e dos seus descendentes de vida curta constitúe a principal fonte de radiación ionizante para a poboación xeral e a exposición prolongada a niveis elevados implica un grave risco para a saúde.

Neste sentido, diversos organismos internacionais e un bo número de países emitiron recomendacións ou normativas de carácter obrigatorio coa finalidade de controlar as exposicións a este gas, tanto en vivendas como en lugares de traballo, pola relación existente entre a exposición a altas concentracións e diversas enfermidades.

As concentracións de radon nunha vivenda ou nun edificio en xeral, varían de forma substancial coa situación xeográfica e Galicia é a rexión española con máis concentración de radon interior debido ás características xeolóxicas do chan.

Coñecendo polo tanto a singularidade xeolóxica de Galicia, as deputadas e os deputados que asinan, preocupadas e preocupados pola incidencia que na saúde dos galegos e galegas nos lugares de traballo, poida ter esta especial presenza de gas radón na nosa Comunidade Autónoma, formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia adoptar medidas para minimizar a presenza de gas radón nos edificios administrativos?



Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 14/10/2020 17:03:51**

**José Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2020 17:04:08**

**José Manuel Rey Varela na data 14/10/2020 17:04:18**

**María Sol Díaz Mouteira na data 14/10/2020 17:04:38**

**Diego Calvo Pouso na data 14/10/2020 17:04:53**

**Borja Vereza Fraiz na data 14/10/2020 17:05:08**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 14/10/2020 17:05:25**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a Unidade muller e ciencia e o programa homónimo dirixido a promover a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no ámbito científico, tecnolóxico e da I+D+i

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade muller e ciencia foi creada a través do Decreto 33/2007 (modificado polo Decreto 97/2010, do 10 de xuño ) co obxectivo de incrementar a presenza de mulleres nos ámbitos científicos e tecnolóxico ao tempo que promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i, así como, situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva do xénero nun primeiro plano.

Trátase dun órgano interdepartamental colexiado de asesoramento.

En 2008 a Xunta de Galiza aprobou o I Programa muller e ciencia (2008-2012). Rematada a súa vixencia o Goberno galego non elaborou un novo até catro anos despois, en 2016.

Se botamos a ollada atrás, pouco ou nada do espírito e obxectivos que motivaron a creación desta Unidade e do programa muller e ciencia fica xa. De facto, o abandono





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do proxecto fica máis que patente na nula actualización do portal web creado para a súa difusión.

Desde hai máis dunha década a Xunta de Galiza non promove ningunha investigación nin estudo estatístico que visibilice cal é a realidade das mulleres na ciencia e a súa evolución no tempo; tampouco deu continuidade ás publicacións periódicas que acompañaron nos seus inicios este proxecto como a revista *Xenia*.

Ao longo dos últimos anos, as mulleres científicas veñen demandando –ao igual que o conxunto do movemento feminista-- o espazo que lles corresponde por dereito e o fin das discriminacións por razón de xénero.

Casos como o de María de la Fuente, responsábel da unidade de nano-oncoloxía do IDIS, que denunciou a penalización que sofren as mulleres nas súas carreiras profesionais por ser nais ou máis recentemente a denuncia pública motivada pola ausencia de mulleres nos premios e medallas de investigación outorgados pola Real Academia Galega de Ciencias, devolven ao primeiro plano do debate público a necesidade de actuar de maneira decidida a prol da igualdade real entre mulleres e homes en todos os planos, tamén no científico.

A piques de rematar a vixencia do II Programa muller e ciencia (2016-2020) cómpre unha profunda avaliación das medidas adoptadas, dos obxectivos fixados e do impacto que máis dunha década de defensa formal e da igualdade tiveron na realidade diaria das mulleres científicas galegas.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Como valora a Xunta de Galiza a situación actual da Unidade muller e ciencia?
- Que actividades, alén dos premios anuais, desenvolveu este órgano?
- Cal foi o grao de cumprimento dos obxectivos marcados no II Programa muller e ciencia?
- Vai desenvolver un novo programa o Goberno galego nesta lexislatura?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Iria Carreira Pazos**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2020 11:52:36**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2020 11:52:50**

**Iria Carreira Pazos na data 13/10/2020 11:52:58**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco e Paloma Castro Rey**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

É imprescindible avanzar cara novas vías de actuación na política industrial, especialmente no contexto actual de fragilidade crecente da economía internacional. As expectativas para o ano actual e os 2021 e 2022, falan dunha ralentización do crecemento moi importante debida á pandemia do da Covid-19.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+i, de apoio ao emprendemento, e do estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas.

É imprescindible un maior esforzo económico, pero este ten que vir acompañado dos obxectivos de minimizar as barreiras ao crecemento e de mellorar a produtividade do tecido industrial, non so dos sectores industriais máis intensivos en coñecemento, senón tamén dos sectores industriais maduros.

É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da industria 4.0.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia tiña como parte dos seus obxectivos consolidar a Galicia como territorio innovador para mellorar a competitividade das empresas, favorecer o crecemento sostible e xerar postos de traballo de calidade

Para conseguir eses obxectivos o plan pretendía:

1. Incrementar nun 11 % o persoal empregado en actividades de I+D con respecto a 2016.
2. Aumentar nun 15 % o número de empresas con actividades innovadoras con respecto as 2016.



3. Sumar un 20 % máis ao gasto empresarial en actividades innovadoras respecto a 2016
4. Incrementar nun 15 % o volume de negocio por produtos novos ou mellorados respecto ás 2016.
5. Acadar o 1,7 % de gasto sobre o PIB.

O Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia non cumpriu ningún dos seus obxectivos, resulta insuficiente e carece de contido á altura dos retos do sector. A investigación, o desenvolvemento e a innovación teñen que ser un sector estratéxico para as políticas públicas da Xunta de Galicia ante esta crise sanitaria e económica que estamos a vivir.

O Grupo Parlamentario Socialista demanda á Xunta de Galicia a que aposte por unha I+D+i reforzada e orientada aos resultados, atendendo en prioridade ás actividades cunha base de coñecemento común de certa intensidade, fortalecendo o sistema de ciencia e tecnoloxía, incrementando as aportacións públicas ao mesmo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A Xunta de Galicia vai elaborar un ambicioso e novo plan galego de I+D+i no prazo da lexislatura e cunha maior dotación orzamentaria que nos permita duplicar o gasto en Investigación, Desenvolvemento e Innovación para situar a Galicia na media española?
2. A Xunta de Galicia incrementou nun 11 % o persoal empregado en actividades de I+D con respecto a 2016?
3. A Axencia Galega de Innovación (GAIN) aumentou nun 15 % o número de empresas con actividades innovadoras con respecto as de 2016?
4. A Xunta de Galicia sumou un 20 % máis ao gasto empresarial en actividades innovadoras respecto a 2016?
5. O Goberno autonómico incrementou nun 15 % o volume de negocio por produtos novos ou mellorados respecto as de 2016?



6. O Goberno autonómico acadou o 1,7 % de gasto sobre o PIB como era o seu obxectivo no Plan Galicia Innova 2020?
7. Cal foi o grado de execución do Plan Galicia Innova 2020 da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Paloma Castro Rey  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 14/10/2020 18:53:16**

**Martín Seco García na data 14/10/2020 18:53:27**

**Paloma Castro Rey na data 14/10/2020 18:53:41**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O sector da hostalaría en Galicia está a sufrir un duro golpe, os efectos da pandemia de coronavirus están a provocar unha importante caída da facturación anual do sector hostaleiro galego, ademais da perda estrutural definitiva de empregos.

Os hostaleiros e hostaleiras necesitan de forma urxente de medidas de apoio para aumentar os seus niveis de liquidez, co fin de cubrir os seus gastos fixos, co fin de evitar o peche de negocios e establecementos, así como a protección de empregos por conta allea.

Estas reducións na facturación do sector, e a redución nos niveis de emprego tamén terán un importante impacto nas contas públicas tanto na redución de impostos a recadar como nos gastos sociais de apoio ás persoas que perdan o seu emprego.

Temos que ter en consideración as peculiaridades dun sector moi fragmentado, que consta de moitos e pequenos negocios, que operan con marxes de beneficios baixos e unha exposición maior os ciclos económicos o depender do gasto realizado por as persoas consumidoras segundo a súa renda dispoñible.

En Ourense, si cabe, a situación se complica máis ante as medidas sanitarias adoptadas na Orde do 7 de outubro de 2020, pola que se estableceron medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, O Barco de Valdeorras e Verín. Limitando os grupos aos constituídos exclusivamente por persoas convivientes concretamente no Concello de Ourense, Barbadás, Verín e no Barco de Valdeorras e permitindo so a utilización das terrazas, os establecementos que dispoñan dela, impondo unha agrupación máximo de cinco persoas e a imposibilidade de abrir os locais de ocio nocturno.



É necesario indicar que o sector da hostalaría en Ourense conta con 7.692 afiliados á Seguridade Social con 1.573 centros de cotización, polo que o peso económico de este sector na provincia é moi importante así como o número de traballadores e traballadoras que del dependen de forma tanto directa como indirecta.

Dos afiliados á Seguridade Social no sector da hostalaría 3.594 persoas afiliadas pertencen ao Concello de Ourense, 551 ao Concello de O Carballiño e 181 o de Barbadás, co que podemos demostrar a relevancia deste sector na economía da cidade de Ourense e mesmo na provincia.

Debido a esta situación numerosos establecementos non chegaron a abrir dende a declaración do estado de alarma ou están a piques de pechar, con centos de traballadores e traballadoras en ERTE, o que tamén supón unha importante diminución do poder adquisitivo na cidade que afecta a empresas e sectores intimamente ligados ao funcionamento da hostalaría. De feito, o peor comportamento do PIB en Galicia no período estival foi neste sector.

Esta situación provocou que en data 8 de outubro representantes da hostalería de Ourense se concentrarán nunha reunión pacífica baixo o lema ¿culpables de qué? na Praza Maior de Ourense co obxectivo de reivindicar axudas ante a aplicación do confinamento perimetral, que xunto coas medidas preventivas restritivas que xa se veñen aplicando con anterioridade lles provoca unha situación de enorme dificultade, a un sector que en Ourense nunha década case duplicou o número de contratos xerados o ano por esta actividade, e aumentando nun 29 % en contratación indefinida nos últimos dez. Constituindo igual que nos anos duros dan crise un flotador de emprego para a nosa provincia. En Ourense o sector servicios ocupa a 46.935 persoas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que diagnose fai o Goberno galego da situación do sector da hostalaría na provincia de Ourense e en concreto da situación de restricións provocadas pola Covid-19, e a súa repercusión económica?
2. Que medidas vai aplicar para evitar o peche de empresas e a perda de postos de traballo no sector da hostalaría en Galicia y en particular en Ourense?



3. Ten pensado o Goberno galego establecer axudas a fondo perdido para o sector da hostalaría e ocio nocturno?
4. Vanse redefinir os criterios de liñas de crédito do Igape coa finalidade de facilitar o acceso a elas?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Marina Ortega Otero  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/10/2020 18:58:50**

**Marina Ortega Otero na data 14/10/2020 18:59:00**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/10/2020 18:59:10**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 14/10/2020 18:59:18**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/10/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 3559**  
Data envío: 14/10/2020 19:03:25.400

**Martín Seco García na data 14/10/2020 18:59:24**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGBzaO5qgWo5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego.**

No día de onte, 13 de outubro de 2020, Galicia rexistrou nas últimas 24 horas once novos falecementos por covid, o que supón a maior cifra de falecementos nunha mesma xornada dende o pasado 26 de abril. Parte da provincia de Ourense atópase inmersa nun proceso de alerta máxima (nivel 3) motivada pola pandemia da Covid-19. Neste momento parte da provincia atópase con medidas moi restritivas e confinamento perimetral.

Os centros de atención residencial configuran o núcleo máis vulnerable neste contexto, polo que se precisan parámetros claros e obxectivos na forma de actuar.

Na segunda onda da pandemia en Ourense tres residencias tiveron focos masivos e de xeito abrupto, en concreto a residencia de Pereiro, a Val de Monterrei, e Nosa Señora do Viso en Lobeira. A primeira foi intervida pola Xunta tralo contaxio de practicamente a totalidade de usuarios do centro.

É urxente que se tomen medidas preventivas e non actuar cando os contaxios invaden o centro na práctica totalidade. No caso de Val de Monterrei e Nosa Señora do Viso a situación xa é límite, tendo en conta que hai 70 e 50 contaxios por covid respectivamente. É preciso que a Xunta interveña a xestión para poder dotar do persoal suficiente, así coma de recursos que habiliten unha mellora na atención dos internos, e sobre todo, e o máis importante, evitar máis falecementos.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Cales son os parámetros ou protocolo obxectivo, no caso de que exista, para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios por covid?



2.<sup>a</sup>) Cales son os medios materiais e humanos que se habilitan por parte da Administración competente unha vez interveñen o centro?

3.<sup>a</sup>) Por que non se interveñen (de non ser así) os centro residenciais de Val de Monterrei e Nosa Señora do Viso dende a Xunta de Galicia neste momento tendo en contan con 70 e 50 contaxios por covid?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Carmen Rodríguez Dacosta  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 15/10/2020 10:14:18**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/10/2020 10:14:32**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/10/2020 10:14:48**

**Julio Torrado Quintela na data 15/10/2020 10:15:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas primeiras horas da tarde do 13 de outubro foi detectada unha mancha de fuel de máis dun quilómetro de extensión na ría de Arousa, en concreto entre a illa de Rúa e o Pombeiro. Mancha que, ao día seguinte, lonxe de estar controlada seguía recibindo hidrocarburo e que pode estar afectando ás proximidades da illa de Sálvora, que forma parte do parque marítimo-terrestre das Illas Atlánticas.

Nos primeiros momentos todo parecía indicar ao sentinazo dun barco, mais co paso das horas investigábase se pode proceder do emisario de Touro, no concello de Ribeira.

Sexa como for, a realidade é que as augas das rías galegas e, en particular, as da ría da Arousa soportan un nivel de verteduras que mina continuamente os recursos naturais da zona e que teñen un gran impacto no entorno dunha área extremadamente sensíbel dende o punto de vista produtivo e medioambiental.

Mesmo as investigacións da propia administración galega sinalaron que a ría de Arousa foi no ano 2019 a que máis verteduras rexistrou con carga microbiolóxica ou química tóxica. E non se pode esquecer que neste espazo tan privilexiado en termos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

produtivos desenvolven habitualmente o seu traballo preto de 2000 embarcacións de baixura e marisqueo a frote, milleiros de bateiros e mariscadoras a pé, aos que hai que sumar a riqueza que de xeito inducido xera a actividade extractiva no mar noutros segmentos da actividade económica.

En calquera das dúas hipóteses baralladas, sentinazo ou vertedura dende terra, hoxe en día existen sistemas técnicos e ferramentas suficientes para recoñecer aos responsábeis e poderlles aplicar a sanción correspondente á infracción cometida.

No caso do emisario submarino de Touro, aínda están preto os episodios contaminantes que se produciron en varias ocasións polo seu deterioro e por non cumprir as súas funcións de depuración e dilución, mesmo algún deles foi, no ano 2007, obxecto de sentenza xudicial contra o concello de Ribeira por afectar a un polígono de bateas.

Posteriormente, a Xunta de Galiza efectuou unha reparación do mesmo que lle supuxo ao erario público máis de 1,6 millóns de euros e foi entregado no 2017, ao remate das obras, ao concello de Ribeira.

Dende que entrou en funcionamento a EDAR de Ribeira, o emisario evacúa as augas residuais depuradas do polígono de Xarás e, no caso dun fallo na depuradora, debera aliviar de emerxencia e evitar que as augas residuais sen depurar cheguen ao mar.

De todos xeitos, este non é un caso illado e con el faise evidente que a contaminación da ría segue a ser unha materia pendente de solucionar por parte das distintas administracións que, moitas veces realizan investimentos multimillonarios que despois non se manteñen axeitadamente ou non son obxecto da vixilancia e inspección que lle correspondería.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por outra parte, o plan territorial de continxencias por contaminación marítima de Galiza (Plan Camgal), aprobado pola Xunta de Galiza no ano 2006 e actualizado no 2012 e no 2016, demanda dos concellos plan locais dende 2017, nos que se deben sinalar os riscos, as zonas vulnerábeis e os medios necesarios diante de verteduras contaminantes ou tóxicos co obxecto de garantir a saúde da poboación, a conservación do medio natural e a seguridade dos bens e servizos dos concellos. A este respecto, descoñecemos se os distintos concellos da ría de Arousa dispoñen do mesmo.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Que información posúe a Xunta de Galiza sobre a vertedura producida o 13 de outubro na ría de Arousa?

- A partir de que momento activou o goberno galego os medios do plan autonómico de contaminación mariña?

- Cales son as hipóteses que manexa a Xunta de Galiza a respecto da orixe da vertedura?. Dispón dos sistemas suficientes como para identificar aos responsábeis e aplicarlles a sanción que a lei prevé?

- Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para avaliar os danos na produción mexilloeira, marisqueira e pesqueira da zona e, no seu caso, resarcir aos afectados e afectadas?

- Que medios de combate á contaminación mariña existen na ría de Arousa?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Dispoñen os concellos da ría de Arousa dos plans locais establecidos no Plan Camgal de continxencias por contaminación marítima de Galiza?. No caso de non dispoñer deles, cal é a causa e que actuacións vai realizar nese sentido o goberno galego para o cumprimento da normativa vixente?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2020 10:43:19**

**María do Carme González Iglesias na data 15/10/2020 10:43:29**

**Daniel Castro García na data 15/10/2020 10:43:37**



## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Ovidio Rodeiro Tato, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereza Fraiz**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O pasado mes de setembro, o Vicepresidente económico e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, visitaba acompañado da Conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, as instalacións do centro de formación e ao novo taller de baterías da factoría de PSA en Vigo, e destacaba ante os medios de comunicación as previsións do sector galego da automoción para o último trimestre do ano cualificando ditas previsións como “alentadoras”, toda vez que permitirán seguir avanzando no desenvolvemento do vehículo eléctrico e autónomo.

Na súa visita o Vicepresidente económico destacou a aposta que PSA está a facer polo vehículo eléctrico, tanto no referente á I+D+i como no que ten que ver coas infraestruturas. Conde salientou que dende estas instalacións, que ampliaron a súa capacidade, a factoría de Vigo subministra 300 baterías diarias para os vehículos que o grupo fabrica en toda España.

O Vicepresidente económico explicou que, pese á pandemia, a factoría de Balaídos está ao máximo da súa capacidade e está en condicións de conseguir un volume de produción similar ao do ano 2019, cunha produción total de 400.000 vehículos. Escenario que permite albiscar o horizonte con optimismo, tendo en conta que o dato de exportacións de xullo de automoción apunta a unha subida do 74,6 por cento con respecto ao mesmo mes do ano pasado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que avaliación fai o Goberno Galego da situación actual na que se atopa o sector da automoción galego?

Santiago de Compostela a 15 de outubro de 2020



**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/10/2020 12:04:14**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 15/10/2020 12:04:20**

**Cristina Sanz Arias na data 15/10/2020 12:04:40**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 15/10/2020 12:05:07**

**José Antonio Armada Pérez na data 15/10/2020 12:05:26**

**Noelia Pérez López na data 15/10/2020 12:05:46**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 15/10/2020 12:06:05**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Borja Verea Fraiz na data 15/10/2020 12:06:28**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a vixencia no ano 2020 do convenio sobre mediación intraxudicial no ámbito familiar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de dez anos comezouse aplicar en Galiza o sistema de mediación intraxudicial no eido familiar. O éxito das intervencións fixo que se estendera a súa aplicación dende os xulgados de Compostela a do restos dos partidos xudiciais de Galiza.

Os beneficios da aplicación do sistema de mediación, que posibilite un eventual acordo para a solución das situacións de crise matrimonial, sobre o establecemento de medidas sobre a base exclusiva dunha resolución xudicial son evidentes.

Coa aplicación da mediación ás partes manteñen o control das eventuais solucións que se podan dar a controversia. Solución que será pactada por ambas as dúas partes, dándolle o contido que elas, de común acordo, decidan. Non hai vencedoras, nin derrotadas, pois o resultado é o froito da vontade conxunta e do dialogo das dúas partes.

Un eventual acordo permite unha solución máis rápida ao conflito, con maiores visos de ser respectado e observado pola partes e cun menor custe económico e social.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Lamentablemente, e unha vez máis, a Unión Europea non estaba preparada para facer fronte a esta nova crise ao non contar cos instrumentos comunitarios necesarios para combatela de xeito inmediato, colectivo, eficaz e solidario.

A crise puxo de manifesto a fragilidade das nosas capacidades e instrumentos comúns de goberno económico e social ante tal desafío, nun momento no que se comprobou que a única resposta posible é una acción pública firme e ambiciosa.

Con todo, e a diferenza da anterior crise económica, a pesar do desconcerto inicial, a UE soubo reaccionar ante a pandemia de xeito diferente e moito máis áxil: o Banco Central Europeo adoptou en marzo un programa de adquisición de activos por valor de 750.000 millóns de euros, ampliado posteriormente a 1,35 billóns para inxectar liquidez na economía europea. Pola súa banda, a Comisión Europea activou por primeira vez a cláusula xeral de escape flexibilizando ao máximo as normas orzamentarias da Unión para que os Estados membros puidesen contrarrestar os efectos da pandemia sen dificultade; flexibilizou ao máximo as normas de axudas de Estado e mobilizou paquetes de axudas para proporcionar liquidez ás pequenas e medianas empresas e á asistencia sanitaria. Así mesmo, puxo en marcha o programa SURE, mobilizando 100.000 millóns de euros en créditos para sustentar programas de apoio temporal ao emprego como os ERTE españois.

Non obstante, a virulencia da pandemia e as medidas adoptadas para combatela, con peches e confinamentos ao longo e ancho dos 27 Estados membros, esixía una resposta fiscal capaz non só de frear o golpe no inmediato, senón de asentar a recuperación da actividade e o emprego a medio e longo prazo.





Así o entendeu o Goberno de España, que desde o primeiro momento, xunto con outros países gravemente afectados pola covid como Italia e Francia, liderou a defensa da necesidade de adoptar un paquete de estímulo fiscais a nivel comunitario capaz de asentar a recuperación económica sen deixar a ningunha atrás.

Tras semanas de intensas negociacións, tales medidas cristalizaron no Consello Europeo do pasado 21 de xullo, onde os líderes europeos pecharon un acordo histórico para a creación dun Fondo de Recuperación e Resiliencia, a principal ferramenta do Plan coñecido como *Next Generation EU*, por valor de 750.000 millóns de euros para investir na reactivación da economía no período 2021-2023, unha parte do cal -390.000 millóns- se destinará a subvencións e o resto -360.000 millóns- a préstamos aos Estados membros.

Como país fortemente golpeado pola covid-19, España será un dos Estados membros máis beneficiados do Fondo de Recuperación ao percibir arredor de 72.000 millóns de euros en axudas a fondo perdido e arredor de 68.000 millóns en préstamos que deben servir para impulsar a recuperación da economía española e propiciar a transformación do seu modelo produtivo.

Pero a liberación dos fondos non é automática: cada Estado membro deberá solicitar o acceso a eles presentando plans de investimentos e reformas orientadas a impulsar o potencial de crecemento, a creación de emprego e a resiliencia económica e social, resultando indispensables ademais neste contexto os proxectos que contribúan á transición ecolóxica e dixital.

O Fondo de Recuperación abre, polo tanto, un escenario de oportunidade que Galicia non pode deixar pasar. Como comunidade afectada de importantes desequilibrios socioeconómicos e golpeada por una profunda crise demográfica, pero tamén como comunidade cun rico e dinámico tecido produtivo en campos cruciais para as transicións, ecolóxica e dixital, como as enerxías renovables, a construción naval ou a mobilidade sustentable, Galicia debe dotarse dunha estratexia capaz de sacar o máximo rendemento do Fondo de Recuperación europeo.

Galicia, co Goberno autonómico ao fronte, debe elaborar un plan global para a captación e investimento dos fondos comunitarios nos sectores estratéxicos da comunidade co obxectivo de combater non só as consecuencias negativas da pandemia senón para contrarrestar a dinámica de atonía económica da última década e reconstruír un novo modelo produtivo capaz de facer fronte ás revolucións ecolóxica e dixital desde a xustiza social.



Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª En que consisten as propostas presentadas pola Comisión creada no seo da Xunta de Galicia *Next Generation Galicia* para participar nos fondos extraordinarios europeos *Next Generation UE*?

2ª) Vai o Goberno galego traballar conxuntamente cos grupos parlamentarios para acordar os proxectos que presentará Galicia ao Plan *Next Generation EU* para o período 2021-2023?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/10/2020 13:30:34**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/10/2020 13:30:50**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A estrada de titularidade autonómica AC-546 é a principal vía de comunicación entre Santiago e a Costa da Morte, unha vía de comunicación que é transitada cada ano por máis de millón e medio de vehículos.

A citada estrada divide á metade as parroquias da Barcala, Ordoeste e Corneira, todas elas pertencentes ao concello da Baña, razón pola que diariamente esa veciñanza, moita de alta idade, ten que cruzar o viario, coa perigosidade que supón ao non existir ningún paso de peóns.

Ao longo dos últimos anos producíronse nese viario varios accidentes graves, con atropelos de veciños, nalgún caso con consecuencia de morte. Non en van, foi incluído pola Dirección Xeral de Tráfico no mapa nacional de tramos máis perigosos.

Os habitantes destas parroquias recolleron sinaturas no ano 2016 demandando unha regulación semafórica, acompañada de paso de peóns, desta estrada de titularidade autonómica para protexerse durante a realización das actividades diarias que os obrigan a cruzar a vía.

Tamén a comezos de 2018 este grupo parlamentario rexistrou unhas iniciativas sumándonos ás reclamacións dos veciños e veciñas sen que o problema estea hoxe solucionado.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto a Xunta de Galicia instalar con carácter urxente pasos de peóns e regulación semafórica no paso da estrada AC 546 polas parroquias da Barcala, Corneira e Ordoeste, do Concello da Baña?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 15/10/2020 16:25:02**





**Patricia Otero Rodríguez na data 15/10/2020 16:25:22**

**Paloma Castro Rey na data 15/10/2020 16:25:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para ofrecer unha atención sanitaria digna xs veciñxs de Cambados.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Atención Primaria foi unha das áreas máis prexudicadas pola política de recortes orzamentarios da última década polo que se o seu reforzo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindible.

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario.

A COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como chave para a atención sanitaria, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.

O Sergas estableceu que a relación da poboación cos Centros de Saúde pasara a ser fundamentalmente telefónica, reducindo ao mínimo a atención presencial, mais o que non fixo foi implementar medidas, medios e persoal para que esa decisión non afectara á calidade asistencial, non supuxera déficits asistenciais.

E ao non facelo son moitas dificultadas tanto xs profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria como no acceso da poboación á mesma.

Á situación de sobrecarga de traballo que padecían xs profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

O persoal dos centros desbordado pola burocracia, os rastrexos, as probas e as demandas dunha poboación, angustiada pola pandemia e polas dificultades de acceso á actividade sanitaria.

Xs profesionais de Atención Primaria non poden estar en primeira liña de choque fronte ao virus vendidxs

A poboación non pode estar atendida sen profesionais suficientes, nin medidas de protección.

O persoal está soportando inxustamente, as queixas e o malestar da veciñanza frustrada e preocupada polas dificultades de acceso á asistencia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cando hai un único responsábel, é a Xunta, cuxa actuación resúmese en non realizar previsión, nin planificación, nin anticipación.

A situación que se describe pode exemplificarse en centros de saúde concretos como é o caso do de Cambados, onde xa houbo episodios de tensión onde tiveron que intervir forzas do orde. Neste centro de saúde están prestando a atención sanitaria cun cadro de persoal manifestamente insuficiente. Dúas ILTs de facultativxs de longa duración que non están cubertas, unha xubilación que tampouco, ausencias cubertas só cunhas poucas horas; téndose dado a situación de catro médicxs atendendo a demanda de nove.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática: teléfonos colapsados, o persoal administrativo, xs celadorxs ao límite, soportando unha presión tremenda, é imposible xestionar tanta chamada como a que se produce.

As consecuencias son as previsíbeis, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Coida a Xunta de Galiza que xs veciñxs de Cambados están recibindo unha atención sanitaria digna con demoras de semanas para poda que lle concedan cita?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Vai dotar ao centro de saúde de Cambados de todo o persoal preciso, cubrindo todas as ausencias con contratos estables durante a totalidade do tempo das mesmas, para poder prestar unha atención sanitaria digna?

- Que accións vai realizar a Xunta para activar a atención presencial no Centro de Saúde de Cambados, para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera; tomando todas as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación?

- Vai establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria?

- Que accións vai realizar para garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responderen ao aumento exponencial da demanda?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2020 17:41:27**

**Iria Carreira Pazos na data 15/10/2020 17:41:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2020 17:41:42**



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Nun comunicado emitido o xoves 8 polo concello de Pontedeume sinalábase que polo menos dende a mañá do día 6 de outubro as augas do río Eume baixan completamente turbias, cunha cor e textura que parece deberse a algún tipo de vertido, feito que foi trasladado inmediatamente a Augas de Galicia. A situación empeorou nos días seguintes, ata prohibirse o consumo de auga nese concello dende o día 10.

A conselleira de Infraestruturas personouse no lugar o martes 13, 7 días despois dos vertidos, para anunciar a instalación dunha barreira anticontaminante no punto de captación das augas para consumo do concello, medida que é vistosa ante a prensa (aparéntase que se fai algo e permítese facer unha foto) pero ineficaz, dado que a barreira é un dispositivo mecánico que pode ser útil para evitar a propagación de fuel –na medida en que o fuel tende a flotar e solidifícase- pero non para evitar a contaminación suspendida na auga.

Diversos colectivos ecoloxistas denuncian dende hai moitos anos que os lodos acumulados no fondo do encoro do Eume son un enorme perigo potencial para o parque natural das Fragas do Eume, que é un dos 6 que ten Galicia, así como para unha ría de tan alto valor ecolóxico, pesqueiro, marisqueiro e turístico como a de Ares, dado que poden conter todo tipo de materiais e sustancias tóxicas asociadas a contaminación que vén de augas enriba do encoro, incluíndo as derivadas de décadas de actividade mineira e industrial.

No día de onte a Xunta declarou a situación de “emerxencia”, segundo informou á prensa, coa intención de recuperar a calidade das augas do Eume, ademais de anunciar a creación dunha comisión. A conselleira tamén dixo que a situación lle parecía “intolerable”.

O Concello de Pontedeume denunciou ante a Xunta e o Ministerio de Transición Ecolóxica a situación.



Por outra banda, o 30 de decembro de 2020 remata o prazo do pacto ambiental asinado pola Xunta da Galicia en 2005 e que inclúe entre os seus obxectivos a modernización das infraestruturas hidroeléctricas para a "recuperación ambiental do río Eume".

Cómpre lembrar que durante as últimas décadas, colectivos ecoloxistas e de pescadores denunciaron reiteradamente o incumprimento da obriga de manter o caudal ecolóxico por parte de Endesa, que mantivo practicamente seco un tramo de 4 quilómetros do río dentro do espazo do parque, ante a pasividade da Xunta. Finalmente, o río Eume non soamente proporciona auga ás poboacións da súa ribeira senón que é esencial como cerne do parque das Fragas do Eume, dado que o principal valor ecolóxico dese parque, segundo tanto publicita a Xunta e a pesar das múltiples agresións que leva décadas sufrindo, é o de ser o bosque atlántico de ribeira mellor conservado de Europa, e un bosque de ribeira dificilmente pode estar ben conservado se o río do que depende está contaminado.

Ante esta situación o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Determinou a Xunta cal é o estado das augas do río augas abaixo do encoro do Eume e as causas dese estado?

2ª) Que medidas adoptou ou vai adoptar para garantir que se normaliza o estado das augas do Eume tanto dende o punto de vista ecolóxico como para o seu consumo?

3ª) Determinou a Xunta que consecuencias ten o estado das augas do Eume para un parque como é o das Fragas do Eume que está conformado en torno a ese río, do que dependen os seus valores ecolóxicos como ecosistema formado polo río e o bosque de ribeira que o rodea?

4ª) Hai algún expediente sancionador en marcha por causa da contaminación do río?

5ª) Abriuse algún expediente sancionador a Endesa dende a creación do parque en 1997 a causa de vertidos ó río ou do incumprimento do caudal ecolóxico.

6ª) Afectan xa ou presentan risco os lodos depositados no encoro do Eume dende o punto de vista do estado ecolóxico do parque ou da saúde das persoas que viven augas abaixo?



7ª) Que plans ten a Xunta para garantir a restauración ambiental do encoro e da súa contorna despois de 60 anos de lucrativa explotación da concesión hidráulica por parte de Endesa?

8ª) Que medidas levou a cabo ou está previsto que leve a cabo Endesa no marco do acordo coa Xunta para restaurar o río Eume?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 15/10/2020 17:15:41**

**Paloma Castro Rey na data 15/10/2020 17:16:03**

**Patricia Otero Rodríguez na data 15/10/2020 17:16:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de incluír no novo Plan de Vivenda 2021-2025 medidas orientadas a intervir e reducir os prezos do mercado inmobiliario de alugueiro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de outubro a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda compareceu na cámara galega para anunciar as liñas do próximo Plan de Vivenda para o período 2021-2025. Na súa intervención, a Conselleira anunciou que un dos obxectivos deste Plan era o de fomentar o alugueiro. Non obstante, á hora de relatar as medidas concretas que ía impulsar o novo Plan, non se atopaban entre elas ningunha orientada a facilitar o acceso aos alugueiros.

Na actualidade, o principal problema no acceso á vivenda atópase no aumento desorbitado que sufriron os prezos do alugueiro nos últimos anos. Este aumento xeneralizado dos prezos do aluguer impactou en todo o país, pero con especial incidencia nas áreas máis urbanas. Entre 2014 e 2020 o prezos medios





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

dos alugueiros incrementáronse entre un 15% e un 20% en Ferrol, Ourense, Santiago, Lugo e Pontevedra, até un 22% en Vigo e un 31% na Coruña.

Segundo os datos do INE, en 2018 o 26,8% dos fogares dedicaban máis dun 30% dos ingresos ao pagamento do aluguer da vivenda principal. Se temos en conta que dende 2018 até a actualidade os prezos do alugueiro nas principais cidades galegas aumentaron entre un 4 e un 11%, podemos deducir que, na actualidade, a porcentaxe de ingresos que dedican os fogares galegos ao pagamento do aluguer poderían ser incluso superiores aos que revelaba o INE para 2018.

Resulta evidente que unha das chaves fundamentais para facilitar o acceso á vivenda debe ser a redución da porcentaxe dos ingresos dedicados ao pagamento do aluguer.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Considera a Xunta de Galiza intervir con políticas públicas activas sobre o mercado inmobiliario co fin de rebaixar a actual burbulla do alugueiro?

-Que valoración fai a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dos actuais prezos medios de alugueiro en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Vai incluír a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda algunha medida orientada a reducir os prezos no mercado do alugueiro no novo Plan de Vivenda 2021-2025?

-Como se concreta o anuncio da Consellería de aposta polo alugueiro, nas medidas anunciadas para o novo Plan de Vivenda 2021-2025?

-Está nos plans da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda debater na cámara e acordar co resto de formacións políticas o próximo Plan de Vivenda 2021-2025 previamente á súa publicación?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 15/10/2020 17:43:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2020 17:43:29**

**Alexandra Fernández Gómez na data 15/10/2020 17:43:37**





## Á Mesa do Parlamento

**Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán**, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas a existencia de recurso eólico no noso territorio e a un marco regulador que favoreceu a implantación de centrais eólicas.

Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo, chegou a falla de aposta polo sector, unido á inseguridade xurídica creada polo novo goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado isto ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, chegou a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha perda millonaria na inversión en Galicia e a creación de miles de postos de traballo.

No ano 2019, volveu a Galicia o crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica, foi resultado dun marco regulatorio moi determinado, sobre todo a declaración de utilidade pública para os proxectos e a afectación dos terreos, que foi determinante nos distintos procesos de expropiación, este marco regulatorio tivo aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero non estableceu un marco suficiente para que os afectados, comunidades rurais, de montes e concellos recibiran os beneficios económicos desta afectación medioambiental e social e a capacidade para implantación e a inversión necesaria en restauración do territorio afectado.

A regulación da Xunta de Galicia contemplaba que os beneficios da eólica debían ser repartidos, a través de plans industriais ou dun plan de fomento da



enerxía solar, pero moitos dos operadores carecían de plan industrial e outros non realizaron as achegas para ese fomento da enerxía solar. A Xunta de Galicia contemplou certos beneficios comunitarios, de maneira indirecta, pero finalmente non exerceu a súa función fiscalizadora ante os incumprimentos das empresas.

Isto derivou en conflitos sociais e medioambientais, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado fai poucas datas e as mobilizacións sociais que existen polos concellos afectados e polo que compre actuar.

Nestes momentos no que o sector está a experimentar un relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é importante non repetir os erros cometidos no pasado e modificar o marco normativo para que veciñanza, comunidades e concellos reciban a compensación axeitada pola instalación dos parques no seu territorio.

Polos motivos expostos, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Considera o Goberno galego que co relanzamento do sector eólico,

1. É suficiente a repercusión económica que reciben as comunidades rurais pola afectación social e medioambiental do seu territorio?
2. Debera establecer os tipos de gravame nos máximos permitidos para os impostos de xestión municipal vinculados coa actividade eólica e a utilización íntegra do Canon Eólico para actuar sobre as melloras na contorna dos parques?
3. Debera modificar a normativa actual para establecer que o canon eólico sexa establecido pola potencia instalada do parque eólico?
4. Debera introducir protocolos de intercambio de información cos actores locais para maximizar o impacto económico no territorio afectado

Pazo do Parlamento, 15 de outubro do 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 15/10/2020 17:59:33**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/10/2020 18:13:07  
**Nº Rexistro: 3687**  
Data envío: 15/10/2020 18:13:07.446

**María Leticia Gallego Sanromán na data 15/10/2020 17:59:43**

CSV: BOPGDSPGBzaO5qgWo5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán**, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas a existencia de recurso eólico no noso territorio e a un marco regulador que favoreceu a implantación de centrais eólicas.

Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo, chegou a falla de aposta polo sector, unido á inseguridade xurídica creada polo novo goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado isto ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, chegou a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha perda millonaria na inversión en Galicia e a creación de miles de postos de traballo.

No ano 2019, volveu a Galicia o crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica, foi resultado dun marco regulatorio moi determinado, sobre todo a declaración de utilidade pública para os proxectos e a afectación dos terreos, que foi determinante nos distintos procesos de expropiación, este marco regulatorio tivo aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero introduciu desigualdades na negociación e unha falla de transparencia cara os propietarios, comunidades rurais e concellos.

En moitos lugares o éxito no crecemento da instalación de parques eólicos, foi consecuencia da falla de oposición social, derivada dunha alta participación comunitaria e individual, pero en Galicia conseguiu levar a cabo sen dita participación, causando co tempo conflitos sociais e medioambientais, como



figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado fai poucas datas e as mobilizacións sociais que existen polos concellos afectados e polo que compre actuar.

Nestes momentos no que o sector está a experimentar un relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é importante non repetir os erros cometidos no pasado, equilibrando a negociación entre as empresas promotoras e os propietarios, nun proceso transparente que sexa unha ferramenta máis para loitar contra o despoboamento do noso rural.

O marco regulador concede ao promotor a posibilidade de camiñar cara a expropiación, coa solicitude de declaración de utilidade pública dos parques, incidindo negativamente sobre os propietarios na negociación sobre as rendas que lles pagan, ademais a administración autonómica non fomenta mecanismos de transparencia e información cara os propietarios, comunidades locais e concellos.

Polos motivos expostos, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cree o Goberno galego que co marco regulatorio actual, os concellos, as comunidades rurais e de montes e a veciñanza en xeral está informada e asesorada para poder negociar con garantías cos promotores eólicos?
2. Creen na necesidade de fomentar un contrato tipo e unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións?
3. Ve necesario fomentar fórmulas de negociación entre propietarios e promotores, previas ao inicio dun procedemento expropiatorio, co fin de favorecer unha negociación equilibrada?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro do 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 15/10/2020 18:01:20**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 15/10/2020 18:01:31**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ao aumento das prazas no Mestrado Universitario en Profesorado na Universidade de Vigo para o curso 2020/2021.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O curso universitario 2020/2021 iniciouse na Universidade de Vigo cun aumento de matriculacións que o propio reitor, Manuel Reigosa, atribúe á preferencia de grande parte do alumnado por non marchar estudar fóra e facelo nas universidades máis próximas.

En cuanto aos datos de novos ingresos en titulacións de mestrado, rexistráronse un total de 3953 solicitudes de preinscrición, e no primeiro prazo de matrícula formalizáronse 1283, para un total de 1811 prazas ofertadas. Así, este curso comezou con máis matriculacións do que en anos anteriores, polo que a Consellería debería adecuar as prazas a este aumento da demanda contribuindo a fortalecer as universidades públicas galegas, e máis nun contexto onde as dificultades na mobilidade lle impiden a moitos alumnos e alumnas atoparen outras alternativas.

Especialmente grave é a situación no mestrado Universitario en Profesorado na Universidade de Vigo, con grande desequilibrio entre a oferta e a demanda: para un total de 2215 peticións, a oferta foi de tan só 280 prazas, o que supón que apenas o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

12,64 % do alumnado inscrito pode optar a cursar este mestrado. Esta situación reproducíase nos tres campus da Universidade de Vigo: no Campus de Vigo ofertáronse 160 prazas en 7 mestrados para 1.700 peticións; no Campus de Ourense ofertáronse 72 prazas en 4 mestrados para 313 peticións e no Campus de Pontevedra ofertáronse 48 prazas en 3 mestrados para 202 peticións.

Ante este déficit de prazas no Mestrado Universitario en Profesorado, a Universidade de Vigo amosouse disposta a aumentar o número de prazas ofertadas, mais non obtivo unha resposta favorable por parte da Xunta. A negativa da Xunta está facendo con que moitos alumnos se vexan obrigados a optar pola universidade privada, co que iso supón de criba en función da renda e de aumento das desigualdades do alumnado, así como a merma da calidade formativa do futuro profesorado.

O aumento das plantillas de profesorado e a redución das ratios de profesorado por alumno nos centros de ensino público son necesidades que veñen de vello, e esta situación vese agora agravada pola actual pandemia. É por iso que, máis que nunca, a formación do profesorado debería ser un obxectivo fundamental para fortalecer a educación pública.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Coñece a Xunta a situación de falta de prazas ofertadas no Mestrado Universitario en Profesorado na Universidade de Vigo?
- Como valora a Xunta a situación de falta de prazas ofertadas no Mestrado Universitario en Profesorado na Universidade de Vigo?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Considera a Xunta aumentar o número de prazas ofertadas co fin de garantir ao alumnado a posibilidade de formarse como docente dentro do sistema universitario público galego?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: : **Alexandra Fernández Gómez**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/10/2020 18:14:08**

**Daniel Castro García na data 15/10/2020 18:14:12**

**Mercedes Queixas Zas na data 15/10/2020 18:14:23**

**Alexandra Fernández Gómez na data 15/10/2020 18:14:37**





## Á Mesa do Parlamento

**Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán**, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas a existencia de recurso eólico no noso territorio e a un marco regulador que favoreceu a implantación de centrais eólicas.

Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo, chegou a falla de aposta polo sector, unido á inseguridade xurídica creada polo novo goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado isto ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, chegou a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha perda millonaria na inversión en Galicia e a creación de miles de postos de traballo.

No ano 2019, volveu a Galicia o crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica, foi resultado dun marco regulatorio moi determinado, sobre todo a declaración de utilidade pública para os proxectos e a afectación dos terreos, que foi determinante nos distintos procesos de expropiación, este marco regulatorio tivo aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero non establece mecanismos para unha maior participación de propietarios, comunidades rurais e concellos.

En moitos lugares o éxito no crecemento da instalación de parques eólicos, foi consecuencia da falla de oposición social, derivada dunha alta participación comunitaria e individual, pero en Galicia conseguiu levar a cabo sen dita participación, causando co tempo conflitos sociais e medioambientais, como



figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado fai poucas datas e as mobilizacións sociais que existen polos concellos afectados e polo que compre actuar.

Nestes momentos no que o sector está a experimentar un relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é importante non repetir os erros cometidos no pasado, dotando aos propietarios, comunidades rurais e de montes de capacidade para incidir na planificación e desenvolvemento eólico e fórmulas para autoxestionar o recurso do vento, que si existen noutros países.

Compre traballar entre todos para introducir mecanismos que fagan posible esta capacidade de planificación e desenvolvemento co estudo de recuperar figuras que existiron na normativa e o estudo doutros novos, aproveitando a experiencia doutros países.

Polos motivos expostos, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego que co relanzamento do sector eólico, debера introducir mecanismos que fagan posible a capacidade de planificación e desenvolvemento eólico con figuras que existiron na normativa e o estudo doutras novas, aproveitando a experiencia doutros países?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro do 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 15/10/2020 18:22:18**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 15/10/2020 18:25:17**



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O combate contra a inesperada e terrible pandemia do covid-19 impón unha serie de obrigas e prohibicións á cidadanía, determinadas por normas administrativas, e a correspondente potestade sancionadora no caso de incumprimento.

Estando a competencia de xestión sanitaria en mans das CC.AA dende hai décadas, polo menos as seguintes CC.AA emitiron os correspondentes decretos-lei asumindo a competencia sancionadora e clarificando o réxime xurídico de infraccións e sancións: Valencia, Cataluña, Baleares, Andalucía e Navarra.

A maior afondamento, Cataluña aprobou unha norma na que se atribúe a competencia sancionadora, pero permite aos Concellos solicitar a transferencia de esta competencia.

Soamente Canarias resolveu que a competencia para sancións leves sería dos Concellos pero hai que ter en conta que ten unha configuración territorial diferente, a través dos Cabildos.

Un informe da Avogacía do Estado de Galicia de 7 de agosto (consultivo 530/2020) determina –con referencia a outro informe da Avogacía do Estado a nivel central- que a competencia sancionadora correspóndelle á Xunta de Galicia. Así, literalmente di que *“A la luz de todo lo anterior, esta Abogacía del Estado INFORMA en el sentido de que, tanto por razones de conveniencia para la adecuada cooperación y coordinación entre administraciones como por razones competenciales de instrucción y resolución de los procedimientos así iniciados, las denuncias por hechos infractores de disposiciones de salud pública reguladoras de la desescalada derivada del covid 19 deberían dirigirse preferentemente a la administración autonómica”*.

Se os motivos xurídicos están claros no informe da Avogacía do Estado, os motivos prácticos para que a Xunta regule, asuma e xestione a competencia sancionadora en materia de covid-19 son moi variados: dende que a Xunta ten asumida a xestión da sanidade dende hai décadas, pasando por que as capacidades da administración autonómica son enormemente superiores ás dos



concellos –desbordados nesta pandemia pola necesidade de asumir novas competencias impropias para as que non teñen recursos, como a desinfección, asistencia social, etc, etc- ata evitar que cada concello aplique sancións diferentes ou tratar de homoxeneizar a loita contra os comportamentos incívicos que poñen en risco a saúde de todos ou evitar arbitrariedades por parte de concellos que atendendo á proximidade cos infractores pretendan facer a “vista gorda” por motivos alleos á legalidade.

Non obstante, a Xunta non adoptou a competencia nin desenvolveu un réxime sancionador para Galicia senón que parece ser que pretende que os concellos asuman esa competencia e se ocupen da súa xestión, sen que a día de hoxe exista, incompreensiblemente, a menor seguridade xurídica na materia a pesar de que levamos máis de medio ano nesta situación.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia a asumir a competencia sancionadora en materia de sancións das infraccións derivadas das obrigas e prohibicións do Covid19 como fixeron outras CCAA?

2ª) Vai a Xunta de Galicia a dotar de seguridade xurídica á sociedade galega nesta materia como fixeron outras CCAA mediante a aprobación da correspondente normativa?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 15/10/2020 18:20:57**

**Paloma Castro Rey na data 15/10/2020 18:21:11**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

